

Expediente: CON2023000010

Referencia interna: 2023/00009285K -

Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021: Lote 1: Deseño e desenvolvemento dun Fab Lab. Lote 2: Posta en marcha da Rede TIC 2, e a difusión do Fab Lab e a Rede TIC2. Lote 3: Deseño dun catálogo de boas prácticas en materia de usos das TIC e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industriais asentadas no Concello de Santiago de Compostela

Tipo de contrato: Servicios Procedemento: Abierto

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 13 de marzo de 2023 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación do expediente de contratación Servizos asociados ao programa “Colabora e innova no teu barrio” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021.

A proposta é do seguinte teor literal:



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

Paz Filloy Mato, xefa do Servizo de Contratación, consonte os termos establecidos no artigo 175 Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

INFORMO

ANTECEDENTES

1. Con data 23/01/2023, a técnica de Promoción Económica emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación dos *Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021.*

2. O 21/02/2023, a concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local ditou resolución de inicio do dito expediente.

3. No expediente consta, tamén, estudo económico, proposta de criterios de adxudicación e o prego de prescricións técnicas.
3. O día 23/02/2023, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares e o informe do Servizo de Contratación.
4. Consta no expediente o informe da Asesoría Xurídica Municipal, asinado o día 01/03/2023. En base a dito informe modificouse o estudo económico o día 01/03/2023 e o PCAP o 2/03/2022.
5. Consta no expediente o documento contable RC e o informe de conformidade do gasto coa operación EDUSI do 2/03/2023.

CONSIDERACIÓNS

Tendo en conta a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas nos anteriores informes, a concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17 e 21 de xuño de 2019, 25 de setembro de 2020 e 14 e 22 de novembro de 2022 e acordos da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias do 24 de xuño de 2019 e do 13 de abril de 2022, propón que a Xunta de Goberno local da cidade de Santiago de Compostela adopte o seguinte:

ACORDO

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Servizos asociados ao programa "COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO" no marco da operación "FAINO TÍ" no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021*, cun orzamento base de licitación desagregado do seguinte xeito:

	LOTE I	LOTE II	LOTE III	TOTAL
Orzamento base licitación S/IVE	89.270,00 €	71.303,00 €	13.718,06 €	174.291,06 €
IVE 21%	18.746,70 €	14.973,63 €	2.880,79 €	36.601,12 €
Orzamento base de licitación C/IVE	108.016,07 €	86.276,63 €	16.598,85 €	210.892,18 €

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de **210.892,18 €** que se imputará á aplicación orzamentaria **030 43300 2269900** (código de proxecto: **2018 3 EDUSI 3 Faino Ti**).

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal con nº de referencia 2023/224 e con resultado Fiscalización de conformidade.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021*, cun orzamento base de licitación desagregado do seguinte xeito:

	LOTE I	LOTE II	LOTE III	TOTAL
Orzamento base licitación S/IVE	89.270,00 €	71.303,00 €	13.718,06 €	174.291,06 €
IVE 21%	18.746,70 €	14.973,63 €	2.880,79 €	36.601,12 €
Orzamento base de licitación C/IVE	108.016,07 €	86.276,63 €	16.598,85 €	210.892,18 €

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de **210.892,18 €** que se imputará á aplicación orzamentaria **030 43300 2269900** (código de proxecto: **2018 3 EDUSI 3 Faino Ti**).

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

